

# TEMA 4

Nome: .....

Curso: .....

**1** Identifica os 4 elementos dunha paisaxe natural:

auga – vexetación – fauna - relevo



**2** Explica por que esta imaxe corresponde a unha paisaxe humanizada:



.....

.....

.....

.....

**3** Sinala cun X os elementos dunha paisaxe agraria:

Autopista

Fábrica

Rabaño

Cultivo

Granxa

Aldea

**4** Escribe *paisaxe agraria, urbana ou industrial* onde corresponda:

- Unha ..... foi modificada para cultivar e criar gando.
- Unha ..... presenta fábricas, vías de comunicación...
- Unha ..... está constituída por aldeas e cidades.

**5** Indica se estas afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F):

- As paisaxes naturais formáronse en poucos anos.
- O relevo e a auga son elementos dunha paisaxe humanizada.
- As estradas e os campos de cultivo son elementos humanos.
- Na formación das paisaxes naturais non interveu o ser humano.



Ana e Felipe comparten moitas cousas ademais de ser curmáns: a idade, o curso escolar, o gusto polo deporte e pola natureza...

Como viven lonxe un do outro escríbense todas as semanas por correo electrónico. Só coinciden unha vez ao ano, polas vacacións de verán.

Durante dúas semanas de xullo Ana vai á casa de Felipe nunha aldea de montaña e durante as outras dúas semanas do mes, Felipe visita a súa curmá na cidade costeira onde vive.

En verán pásano en grande xogando. juntos.

- 1** En xullo Ana está na aldea de Felipe. Observando os campos de cultivo e as granxas, Ana comenta que lle gusta esa paisaxe natural. Felipe corríxea dicíndolle que é unha paisaxe humanizada.

Quen ten razón? .....

Por que? .....

- 2** Felipe e Ana van de excursión ao Parque Nacional e os guías explícanlles que están nunha paisaxe natural. Pídenlles que digan os 4 elementos que a caracterizan. Eles fano rapidamente:

- A O relevo, o aire, a flora e a fauna.
- B O relevo, a auga, a vexetación e a fauna.
- C Os encoros, os animais, as flores e as árbores.
- D As persoas, os bosques, as montañas e os lagos.

- 3** Felipe explícalle á súa prima que unha paisaxe agraria varía moito durante o ano. Ela preguntalle cales son os elementos dunha paisaxe agraria. Felipe enuméraos:

.....

.....



Ana e Felipe están acabando as súas vacacións compartidas gozando da praia e do mar na cidade de Ana.

Ana explícalle ao seu curmán que a localidade ten uns 300.000 habitantes.

Ela prroponlle facer unha ruta turística polas rúas máis interesantes, o núcleo antigo e os monumentos máis emblemáticos.

**4** Durante a ruta, comentan os elementos urbanos da cidade.

Son certas estas afirmacións sobre os elementos dunha cidade?	Si ou non?
En todas as cidades hai metro.	Si / Non
Nunha cidade non se poden encontrar zonas verdes.	Si / Non
Nunha cidade hai edificios emblemáticos como castelos ou igrexas.	Si / Non
As zonas dunha cidade son: o núcleo antigo, o ensanche e a periferia.	Si / Non

**5** Felipe comenta que as cidades son as paisaxes máis humanizadas. Ana explícalle algunha característica das cidades:

- A A súa poboación traballa sobre todo no campo e na industria.
- B Nunha cidade non hai practicamente medios de transporte.
- C Todas as cidades teñen como mínimo 300.000 habitantes.
- D Nunha cidade o comercio e os negocios son moi importantes.

**6** O pai de Ana traballa no Concello e explícalles que construírán un ecobarrio. Ana coméntalle a Felipe as súas características:

- A Non se recicla.
- B Só se pode transitar en bicicleta.
- C Manteñen espazos verdes que axudan a renovar o aire.
- D As súas vivendas non están illadas, así no desbalden enerxía.

**7** Felipe cre que hai máis contaminación nunha aldea que nunha cidade. Ana pensa que as cidades contaminan máis.

Quen ten razón? .....

Por que? .....



Ana e Felipe acompañan a Carolina, a nai de Ana, a buscar unha documentación urxente na fábrica onde traballa, situada no polígono industrial.

Carolina explícalles que hai uns anos a súa empresa se tivo que trasladar do centro da cidade ao polígono industrial para mellorar as súas comunicacións, servizos e condicións legais.

**8** Durante a visita ao polígono industrial, os nenos enumeran os elementos dunha paisaxe industrial:

- A Hoteis, centros comerciais, estradas e fábricas.
- B Prazas, xardíns, fábricas, estradas e conducións.
- C Bloques de pisos, fábricas, restaurantes e estradas.
- D Servizos, conducións, vías de comunicación e fábricas.

**9** Mentres esperan a Carolina, Ana debuxa un esbozo da paisaxe. Antes escribe o que debuxará no primeiro, segundo e terceiro plano:

① ..... ② ..... ③ .....

**10** Cando Felipe chega á aldea, explica que é un polígono industrial:

- A Espazo dentro das cidades dedicado á industria.
- B Espazo dentro das cidades dedicado aos servizos.
- C Espazo da periferia das cidades dedicado á industria.
- D Espazo da periferia das cidades dedicado aos servizos.